

## PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE RIANXO

### PERÍODO 2024-2026

Expte.: 2024/A013/000001

#### ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.

O PES é un instrumento no que conflúen, dunha parte, a materializacións dos principios xerais e inspiradores que regularán a concesión das subvencións, así como a súa xustificación; e por outra, o establecemento das medidas de control das subvencións en curso que permitan, unha vez concedidas, o perfeccionamento das que se concedan no futuro, mediante a corrección das desviacións observadas. A súa finalidade é conseguir a máxima eficacia cos recursos dispoñibles, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria.

O PES ten carácter programático, sen rango normativo, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros. Establece unha decisión de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

Os potenciais beneficiarios non poderán esixir indemnización ou compensación ningunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

A efectividade do presente PES atópase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión ou o documento procedente.

Ademais, nestes momentos nos que se require un maior control do gasto, o PES debe ser un instrumento que sirva para racionalizar o exercicio da acción de fomento, de tal xeito que se poida seguir mantendo esa acción á vez que se rendibilicen os recursos mediante criterios de eficacia.

#### ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.

A regulación xurídica en materia de subvencións, establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- a) Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidade orzamentarias previas.
- b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais

beneficiarios.

- c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.
- e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

### **ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.**

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Rianxo conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo á súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

### **ARTIGO 4. ÁMBITO SUBXECTIVO.**

O presente PES inclúe todas as subvencións concedidas polo Concello de Rianxo a través das diferentes Áreas Municipais.

De conformidade co artigo 2.2 da LXS non están incluídas no ámbito do presente plan, por non ter consideración de subvencións, as achegas monetarias que o Concello efectúe a outras Administracións Públicas ou entidades para financiar globalmente a actividade ou programa da Administración ou entidade á que vaia dirixida.

### **ARTIGO 5. ÁMBITO TEMPORAL. VIXENCIA. ACTUALIZACIÓN.**

O PES terá unha vixencia de tres anualidades, e abranguerá o período 2024-2026; sen prexuízo de que algunhas das liñas de subvención puidesen ter unha vixencia inferior ou se vaian incorporando novas liñas.

Ademais, anualmente á vista dos informes de seguimento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias, poderán modificarse, substituírse ou eliminarse as diferentes liñas de

subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido; ben polos resultados dos informes de seguimento en canto á consecución de obxectivos ou á adecuación dos recursos investidos; ben por outros motivos, debidamente xustificadas.

Por outro lado, cando queira modificarse algunha das liñas de subvencións previstas no PES ou introducir algunha nova debe, con carácter previo ou simultáneo, modificarse o PES.

En cambio, non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que concluído o período de vixencia non se houbera aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

#### **ARTIGO 6. APROBACIÓN.**

O órgano competente para a aprobación do PES non está establecido na normativa.

A aprobación do PES será competencia da Alcaldía que deberá dar conta ao Pleno Corporativo.

Unha vez aprobado será publicado no Taboleiro da Sede Electrónica, así como no BOP, para o seu xeral coñecemento.

#### **ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.**

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Rianxo publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e Taboleiro da Sede Electrónica, indicando a entidade receptora, a contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada.

O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano, salvo que a concesión teña lugar no mes decembro; neste caso, amplíase o prazo para a publicación durante o mes de xaneiro do ano seguinte.

#### **ARTIGO 8. BENEFICIARIOS. ACTIVIDADE SUBVENCIONABLE.**

Beneficiarios:

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, as persoas físicas, asociacións ou

entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teñan por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

Actividade subvencionable:

Para que unha actividade poida ser obxecto de subvención ou axuda con cargo aos orzamentos xerais do Concello, deberá perseguir algún dos seguintes fins:

1. Complementar, colaborar, servir, propiciar ou suplir fins de competencia municipal.
2. Fomentar unha actividade de interese social.
3. Fomentar asociacións cuxo obxecto sexa a defensa dos intereses xerais ou sectoriais do veciños e veciñas.
4. Colaborar á integración social, mediante axudas económicas, a aqueles cidadáns que se atopen en determinada situación de vulnerabilidade social en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

## **ARTIGO 9 PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.**

As subvencións encadradas no presente PES será outorgadas segundo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.
2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas de xeito nominativo nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as condicións e compromisos.
3. Subvencións concedidas de forma directa por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras causas debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
4. Subvencións cuxo outorgamento ou contía sexan impostas do Concello de Rianxo por unha norma aplicable. Nestes casos atenderase ao procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Os procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no PES e a súa adjudicación levarase a cabo até o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvencións concedidas.

Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

**a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva:** Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitárase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adjudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración.

**b) Subvencións concedidas de forma directa:** Á vista do art. 22.1 LXS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

1. As previstas de xeito nominativo no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista de xeito nominativo nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentarios.
2. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña importe ao Concello por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.
3. Con carácter excepcional, aquelas outras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

## **ARTIGO 10. EFECTOS A CONSEGUIR E PRAZOS DE EXECUCIÓN.**

### **Efectos a conseguir:**

O PES pretende canalizar unha serie de actividades que permitan dar aos diferentes sectores sociais do municipio a posibilidade de desenvolver proxectos que lles conduzan á satisfacción de necesidades de todo tipo, tanto sociais como profesionais ou de lecer. Por isto, a actividade subvencionadora do Concello de Rianxo pretende:

1. Fomentar a realización de actividades de interese xeral, así como a colaboración entre a

entidade local e os particulares para a xestión de actividades de interese público.

2. Impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil do noso municipio nos distintos ámbitos de xestión municipal de interese concorrente, así como proporcionar a inclusión social dos individuos mediante axudas económicas a aqueles cidadáns que se atopen en determinadas situacións de vulnerabilidade social, en defensa do principio de igualdade de oportunidades.

#### **Prazos de execución:**

Con carácter xeral as subvención municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período elixible, a efectos de xustificación, o ano natural.

No caso de que os ciclos de actividade o aconsellen, pode establecerse como prazo de execución un ano, pero que comprenda dous exercicios orzamentarios. Deberá determinarse a distribución por anualidades da subvención en función do calendario previsto para o pago da subvención (nun ou varios pagamentos).

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período elixible, deberá aparecer así recollido nas bases reguladoras da subvención ou convenio regulador da mesma.

#### **ARTIGO 11. CUSTOS PREVISIBLES. FINANCIAMENTO.**

##### **Custos previsibles:**

O establecemento efectivo das subvencións previstas no PES requirirá a inclusión dos créditos correspondentes no orzamento municipal de cada ano e a aprobación, no seu caso, das bases que rexan a convocatoria de subvención (no suposto de concorrencia competitiva), ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da concesión ou acordo que aprobe a concesión directa.

Toda concesión de subvención queda supeditada ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra do gasto.

Os custos límitanse á cantidade que anualmente se consigne no Orzamento do Concello de Rianxo, sexa nos seus créditos iniciais ou modificacións posteriores. As contías indicadas neste Plan teñen carácter orientativo. Os importes consignados nos diferentes orzamentos poderán:

- Ser inferiores, se é preciso para garantir o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e da regra de gasto.
- Ser superiores, se se dan circunstancias que o permitan, como pode ser a obtención dunha subvención que financie o maior importe.

Non poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine. En todo caso, os créditos teñen carácter limitativo e vinculante, polo que non poderán adquirirse compromisos de gastos superiores ao seu importe.

### **Financiamento:**

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria adecuada e suficiente.
2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

### **ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.**

O control e seguimento do presente PES realizarase de forma anual en dous aspectos:

#### **A. Control económico-financeiro das subvencións concedidas.**

Está encomendado á Intervención do Concello e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

#### **B. Control e seguimento do Plan.**

O PES debe ser controlado e seguido co obxecto de:

1. Actualizar ou modificar as liñas de subvención que puidesen precisalo, para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.
2. Incluír novas liñas de actuación que se consideren necesarias para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

O seguimento realizarase anualmente polas diferentes Áreas Municipais, por conduto da súa Concellería – Delegada. Anualmente, cada Departamento, realizará unha Memoria Xustificativa na que abordará, cando menos, os seguintes aspectos:

- a) Para cada subvención: obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- b) Información de cada liña e tipo de subvención: subvencións concedidas, xustificadas, as renunciadas e as reintegradas ou en proceso de reintegro.

- c) O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos no seu prazo de consecución, remitindo os indicadores de cumprimento deses obxectivos. Concretarase o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionadora.
- d) Custos efectivos en relación aos previsibles.
- e) Conclusión e valoración global na que se analice a procedencia do mantemento/modificación da liña de subvención ou a supresión do programa.
- f) Suxestións para a elaboración do seguinte PES.

Para o seguimento e avaliación do PES establécense como indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

- Grao de execución das mesmas, entendendo por iso, as subvencións concedidas e aprobadas (fase 0) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.
- Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización até que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

### **ARTIGO 13. TRANSPARENCIA DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓN.**

En aras a cumprimentar o principio de transparencia, todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatoria serán publicadas anualmente no Taboleiro Electrónico, no Portal de Transparencia, así como na Base Nacional de Subvención, de conformidade co establecido no artigo 38 da LXS; con indicación da entidade receptora, contía da mesma e proxecto ou acción á que vai destinada.

### **ARTIGO 14. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS.**

As liñas estratéxicas de actuación que estrutura o PES son:

Liña estratéxica 1	<b>Área de Servizos Sociais</b> <ul style="list-style-type: none"><li>- Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas.</li><li>- Apoio de actividades e programas que promoven a igualdade e inclusión de persoas que viven en risco de exclusión social por</li></ul>
--------------------	--



	motivos económicos ou políticos
Liña estratéxica 2	<p><b>Área de Deportes</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Rianxo.</li> </ul>
Liña estratéxica 3	<p><b>Área de Educación</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axudas a entidades educativas</li> <li>- Axudas para a adquisición de material escolar</li> </ul>
Liña estratéxica 4	<p><b>Área de Cultura</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subvención dirixida entidades que promoven a cultura galega e a recuperación da memoria democrática.</li> <li>- Subvención dirixida á organización de festas populares.</li> </ul>
Liña estratéxica 5	<p><b>Área de Seguridade Cidadá</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Subvención dirixida á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Rianxo.</li> </ul>
Liña estratéxica 6	<p><b>Área de Comercio e Desenvolvemento Local</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Axudas ás asociacións de comerciantes</li> <li>- Axudas para o fomento do emprego do alumnado dos obradoiros de emprego</li> </ul>

ANEXO:

LIÑA ESTRATÉXICA 1 – ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS

Obxectivos estratéxicos	Favorecer a autonomía, a protección a a inclusión de persoas e colectivos en situación de dependencia, vulnerabilidade ou risco de desprotección e de exclusión social.
Obxectivos específicos	<p>1.- Promoción da autonomía e atención de persoas en situación ou risco de dependencia, co fin de evitar o seu illamento, favorecendo a permanencia no seu entorno habitual.</p> <p>2.- Promoción da integración social de persoas e colectivos desfavorecidos.</p> <p>3.- Fomento do debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social por motivos económicos ou políticos</p>
Liñas de subvención	<p>LS 1.1 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas</p> <p>LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a igualdade e inclusión de persoas que viven en risco de exclusión social por motivos económicos ou políticos</p>

LS 1.1 Apoio de actividades e programas que promoven a autonomía das persoas e a súa inclusión social:

Área	Servizos Sociais
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades sen ánimo de lucro que directa ou indirectamente desenvolvan acción ou programas dirixidos en risco ou situación de dependencia.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promover a colaboración con ditas entidades.</li> <li>- Promoción da autonomía persoal e atención de persoas en risco de exclusión social, favorecendo a permanencia no se entorno</li> </ul>

Área	Servizos Sociais
	habitual.
Efectos que se pretenden conseguir	Contribuír á mellora da calidade de vida daquelas persoas en situación de risco de dependencia, facilitando a súa socialización no seu entorno habitual.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	4.000,00€ - A Creba: 2.000,00€ - Andaina Pro Saúde Mental: 2.000,00€
Programa	231
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente, elaborárase un convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáse ao abono na forma fixada no convenio. A sinatura do convenio poderá substituírse por unha resolución que conteña os requisitos e elementos da subvención que debe coñecer a entidade beneficiaria. Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.
Seguimento e avaliación	- % de beneficiarios por axuda. - % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

LS 1.2 Apoio de actividades e programas que promoven a igualdade e inclusión de persoas que viven en risco de exclusión social por motivos económicos ou políticos:

Área	Servizos Sociais
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades que desenvolven actividades e programas que promoven a igualdade e inclusión de persoas que viven en risco de exclusión social por motivos económicos ou políticos.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Promoción da colaboración e a solidariedade con entidades que promoven programas nacionais e internacionais de cooperación con pobos e comunidades nas que se dan situación de pobreza extrema, violación dos dereitos humanos, etc.</li> <li>- Fomento do debate na sociedade sobre a realidade das persoas que viven en risco de exclusión social por motivos económicos ou políticos</li> </ul>
Efectos que se pretenden conseguir	Desenvolvemento das actuacións e programas encamiñados a acadar os obxectivos sinalados.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	4.000,00€ - Asociación Solidariedade Galego do Pobo Saharauí: 4.000,00€
Programa	231
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas.
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- % de beneficiarios por axuda.</li> <li>- % de beneficiarios que melloraron a súa situación persoal con respecto ao ano anterior.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

## LIÑA ESTRATÉXICA 2 – ÁREA DE DEPORTES

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promocionar o deporte, adestramento e sacrificio; así como as prácticas saudable entre a poboación, especialmente entre a xuventude.
Obxectivos específicos	1.- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. 2.- Fomentar o deporte. 3.- Promocionar a representación deportiva de Rianxo nos eventos deportivos.
Liñas de subvención	LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Rianxo.

## LS 2.1 Subvencións dirixidas a entidades deportivas do Concello de Rianxo:

Área	Deportes
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades deportivas do Concello de Rianxo sen ánimo de lucro.
Obxectivos	- Apoiar o desenvolvemento de eventos e actividades deportivas oficiais a nivel comunitario, nacional ou internacional. - Fomentar o deporte. - Promocionar a representación deportiva de Rianxo nos eventos deportivos.
Efectos que se pretenden conseguir	Práctica do deporte
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	45.000,00€
Programa	341
Concepto	48900 e 48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas en transición cara un réxime de subvencións por concorrencia competitiva.
Seguimento e avaliación	- Número de entidades beneficiadas. - Número de deportistas que aglutina cada

Área	Deportes
	entidade beneficiaria. - Número de competicións nas que participou cada entidade beneficiaria. - Número de deportes promocionados. - Número de beneficiarios participantes en competicións internacionais, nacionais, autonómicas, provinciais e locais. - % incremento de beneficiarios por deporte respecto ao ano anterior. - Premios acadados polos beneficiarios.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

### LIÑA ESTRATÉXICA 3 – ÁREA DE EDUCACIÓN

Obxectivos estratéxicos	Potenciar actividades formativas ou outro tipo de actividades de crecemento persoal, baseadas en valores que sexan complementarios da educación; favorecendo a participación das familias na vida escolar.
Obxectivos específicos	1.- Potenciar a figura da ANPA e do Centro Educativo Público no Concello. 2.- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre os alumnos. 3.- Apoiar ás familias nos custos derivados da Educación. 4.- Fomento de actividades extraescolares.
Liñas de subvención	LS 3.1 Axudas a entidades educativas LS 3.2 Axudas para a adquisición de material escolar

## LS 3.1 Axudas a entidades educativas:

Área	Educación
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades educativas do Concello de Rianxo sen ánimo de lucro.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar a educación</li> <li>- Apoiar a realización de actividades que propicien a participación e o encontro entre o alumnado.</li> <li>- Fomento das actividades extraescolares</li> </ul>
Efectos que se pretenden conseguir	Estimular ao alumnado e aumentar o grao de convivencia entre eles, promovendo valores de solidariedade e integración. Consolidar a participación de nais e pais nos centros educativos.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	9.000,00€ - Anpas dos centros públicos do Concello de Rianxo: 5.000,00€ - Colexio Rural Asociado de Rianxo: 4.000,00€
Programa	231
Concepto	48900 e 48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	<p>Réxime de subvencións nominativas.</p> <p>Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente, elaborárase un convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáase ao abono na forma fixada no convenio. A sinatura do convenio poderá substituírse por unha resolución que conteña os requisitos e elementos da subvención que debe coñecer a entidade beneficiaria.</p> <p>Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.</p>

Área	Educación
Seguimento e avaliación	- Número de alumnado que aglutina cada entidade beneficiaria. - Actividades e programas desenvolvidos por cada unha das entidades.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

### LS 3.2 Axudas para a adquisición de material escolar:

Área	Educación
Sectores aos que se dirixen as axudas	Familias do Concello de Rianxo con rapaces/as en centros de ensino públicos do termo municipal.
Obxectivos	- Apoiar a educación - Colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica.
Efectos que se pretenden conseguir	Propiciar que a poboación escolar integrada en familia con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	5.000,00€
Programa	231
Concepto	48003
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións por concorrencia competitiva.
Seguimento e avaliación	- % de beneficiarios por axuda.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da



Área	Educación
	anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 4 – ÁREA DE CULTURA

Obxectivos estratéxicos	Apoiar, difundir e promocionar a tradición, a cultura e a memoria democrática.
Obxectivos específicos	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.- Potenciar actividades que favorezan o desenvolvemento comunitario e a interculturalidade.</li> <li>2.- Fomentar a programación anual de entidades que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etc.</li> <li>3.- Apoiar a participación cidadá na celebración de festas populares e mantemento das tradicións culturais do Concello de Rianxo.</li> <li>4.- Apoiar o desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas a recuperar a memoria democrática do Concello de Rianxo.</li> </ol>
Liñas de subvención	<p>LS 5.1 Subvención dirixida entidades que promoven a cultura galega e a recuperación da memoria democrática.</p> <p>LS 5.2 Subvención dirixida á organización de festas populares.</p>

LS 4.1 Subvención dirixida entidades que promoven a cultura galega e a recuperación da memoria democrática.

Área	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Entidades que promoven a cultura galega e a recuperación da memoria democrática.
Obxectivos	- Fomentar a programación anual de entidades

Área	Cultura
	<p>que desenvolvan ao longo do ano actividades no sector da cultura, artes escénicas, festivais, etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoiar o desenvolvemento de programas e actividades encamiñadas a recuperar a memoria democrática do Concello de Rianxo.</li> <li>- Divulgación do coñecemento de figuras senlleiras da cultura galega.</li> </ul>
Efectos que se pretenden conseguir	Promoción da cultura e da memoria democrática.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	3.000,00€ - Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza: 2.000,00€ - Fundación Rosalía de Castro: 1.000,00€
Programa	334
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	<p>Réxime de subvencións nominativas.</p> <p>Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente, elaborárase un convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáse ao abono na forma fixada no convenio. A sinatura do convenio poderá substituírse por unha resolución que conteña os requisitos e elementos da subvención que debe coñecer a entidade beneficiaria.</p> <p>Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.</p>
Seguimento e avaliación	<ul style="list-style-type: none"> <li>- % de beneficiarios por axuda.</li> <li>- Número de actividades desenvolvidas por cada entidade.</li> <li>- Número de participantes por cada evento.</li> </ul>
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da

Área	Cultura
	Corporación.

LS 4.2 Subvención dirixida a entidades que promoven a cultura galega e a recuperación da memoria democrática.

Área	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Organizadores de festas populares
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Organizar actividades relativas a festividades municipais.</li> <li>- Fomentar a colaboración cidadá coa posta en marcha de proxectos de interese municipal.</li> <li>- Conservar as tradicións culturais a través dos festexos populares e a memoria colectiva.</li> <li>- Creación de eventos para a convivencia lúdica e cultural.</li> </ul>
Efectos que se pretenden conseguir	Desenvolvemento de festexos populares.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	3.000,00€ - Asociación Sociocultural A Moreniña: 3.000,00€
Programa	338
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente, elaborárase un convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederá ao abono na forma fixada no convenio. A sinatura do convenio poderá substituírse por unha

Área	Cultura
	<p>resolución que conteña os requisitos e elementos da subvención que debe coñecer a entidade beneficiaria.</p> <p>Unha vez executado o programa, xustificarse a subvención na forma prevista.</p>
Seguimento e avaliación	<p>- % de beneficiarios por axuda.</p> <p>- Número de participantes por cada evento.</p>
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 5 – ÁREA DE SEGURIDADE CIDADÁ

Obxectivos estratéxicos	Desenvolver accións que garantan a seguridade da cidadanía.
Obxectivos específicos	Actividades que garantan a seguridade da cidadanía.
Liñas de subvención	LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación Nacional de Voluntarios de Protección Civil

#### LS 5.1 Subvención dirixida á Agrupación de voluntarios de Protección Civil

Área	Seguridade cidadá
Sectores aos que se dirixen as axudas	Agrupación de voluntarios de Protección Civil
Obxectivos	Actividades que garantan a seguridade da cidadanía.
Efectos que se pretenden conseguir	Seguridade Cidadá
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	<p>1.500,00 €</p> <p>- Agrupación Nacional da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil: 1.500,00€</p>

Área	Seguridade cidadá
Programa	135
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas. A subvención apróbase a través da presentación dun recibo da asociación beneficiaria, que xustifique documentalmente o custo anual do seguro, en relación aos voluntarios que operan no Concello de Rianxo
Seguimento e avaliación	- Número de voluntarios - Número de beneficiarios polas actividades realizadas. -Número de intervencións realizadas. - % de incremento de accións realizadas respecto ao ano anterior. - % de incremento de beneficiarios por acción, respecto do ano anterior.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

#### LIÑA ESTRATÉXICA 6 – ÁREA DE COMERCIO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

Obxectivos estratéxicos	Potenciar actividades de dinamización do comercio local rianxeiro.
Obxectivos específicos	1.- Achegar ao comercio rianxeiro o maior número posible de clientes, empregando para elo aos colectivos como instrumento para acadar ese fin. 2.- Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello de Rianxo. 3.- Acadar a existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello de Rianxo, programada e desenvolva palas entidades

	asociativas do sector, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividade que se van a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.
Liñas de subvención	LS 6.1 Axudas ás asociacións de comerciantes LS 6.2 Axudas para o fomento do emprego

#### LS 6.1 Axudas ás asociacións de comerciantes

Área	Comercio e Desenvolvemento Local.
Sectores aos que se dirixen as axudas	Sector empresarial do Concello de Rianxo
Obxectivos	Potenciar actividades de dinamización do comercio local rianxeiro.
Efectos que se pretenden conseguir	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Achegar ao comercio rianxeiro o maior número posible de clientes, empregando para elo aos colectivos como instrumento para acadar ese fin.</li> <li>- Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello de Rianxo.</li> <li>- Acadar a existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello de Rianxo, programada e desenvolta palas entidades asociativas do sector, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividade que se van a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.</li> </ul>
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	10.000,00€ - Asociación de Comerciantes, Servizos e Hostalaría Somos Rianxo: 5.000,00€ - Asociación Rianxeira de Empresarios: 5.000,00€
Programa	433

Área	Comercio e Desenvolvemento Local.
Concepto	48990
Financiación	Fondos propios con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de subvencións nominativas. Aprobado o Orzamento Municipal e adoptada a resolución polo órgano competente, elaborárase un convenio no que se fixen as condicións de realización e os requisitos a cumprir pola entidade beneficiaria, para o abono da axuda prevista. Aprobado e asinado por ambas partes, procederáase ao abono na forma fixada no convenio. A sinatura do convenio poderá substituírse por unha resolución que conteña os requisitos e elementos da subvención que debe coñecer a entidade beneficiaria. Unha vez executado o programa, xustificárase a subvención na forma prevista.
Seguimento e avaliación	- Número de comercios, locais de hostalaría e servizos que aglutina cada entidade beneficiaria. - Actividades e programas desenvolvidos por cada unha das entidades.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

## L6.2 Axudas para o fomento do emprego

Área	Desenvolvemento local
Sectores aos que se dirixen as axudas	Sector empresarial
Obxectivos	Facilitar a empregabilidade e ocupabilidade de persoas de Rianxo en situación de desemprego.
Efectos que se pretenden conseguir	- Reducir a taxa de desemprego en Rianxo. - Favorecer a incorporación de perfís especializados ao ámbito empresarial, tendo en

Área	Desenvolvemento local
	conta os sectores productivos do municipio.
Prazo necesario para a súa concesión	Indeterminado
Custo anual previsible	6.000 €
Programa	241
Concepto	47000
Financiación	Fondos concedidos por outras Administracións ao concello, con cargo á función sinalada.
Plan de acción	Réxime de concorrencia competitiva.
Seguimento e avaliación	- Número de contratos formalizados. - Duración dos ditos contratos.
Resultados da avaliación	No prazo de 1 mes dende o remate da anualidade. Darase conta ao Pleno da Corporación.

Rianxo, luns 28 de outubro de 2024

O alcalde, Julián Bustelo Abuín